

APROBADO EN CONSELLO DE GOBERNO DO 05-03-08

“DIRECTRICES PROPIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DOS PLANS DE ESTUDOS DE GRAO”

TÍTULO PRELIMINAR

1.- A Lei orgánica 4/2007 do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades, establece unha nova estrutura das ensinanzas e títulos universitarios españois en consonancia cos obxectivos establecidos para a construción do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). O Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro, de conformidade co previsto no título VI da Lei orgánica 4/2007 de universidades, establece o marco normativo para a ordenación, a verificación e a acreditación das ensinanzas universitarias oficiais.

2. O documento do Consello Galego de Universidades Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no sistema universitario de Galicia, aprobado no pleno do 5 de novembro de 2007, marca as pautas para o tránsito da situación actual ao novo escenario definido polo Real decreto. Contén as recomendacións que o Consello Galego de Universidades establece para o deseño da nova oferta de titulacións e especialidades no sistema universitario de Galicia.

3.- A Universidade de Vigo ten competencia para elaborar e aprobar os plans de estudos das titulacións que se impartan nos seus centros. Os estatutos da Universidade de Vigo destacan, entre os seus fins prioritarios, proporcionar ensinanzas adecuadas para a formación dos estudantes, para a preparación do exercicio de actividades profesionais ou artísticas e para a obtención, se é o caso, dos títulos académicos correspondentes.

4.- Os títulos de grao están complementados cos de posgrao (mestrado e doutor). Os novos plans de estudos de grao e posgrao substituirán a nosa oferta actual de ensinanzas de primeiro, segundo e terceiro ciclo.

5.- Os plans de estudo, conducentes á obtención de títulos universitarios de grao de carácter oficial, elaborados e impartidos pola Universidade de Vigo, axustaranse ás directrices que establecen os documentos anteriores e a esta normativa, que se establece como directriz xeral propia da Universidade de Vigo.

1. PRINCIPIOS XERAIS DE ELABORACIÓN DOS TÍTULOS DE GRAO

Os novos plans de estudos débense rexer polos principios de:

- Deseño dos estudos conforme os créditos ECTS.
- Estrutura académica e organizativa flexible co propósito de atender á diversidade dos estudantes.
- Planificación do proceso de ensino-aprendizaxe adecuada á adquisición de competencias, destrezas e habilidades fundamentais para mellorar a inserción laboral dos titulados, así como asentir as bases dunha formación ao longo de toda a vida.
- Flexibilidade e interdisciplinabilidade que garantan a mobilidade dos estudantes entre as distintas titulacións da nosa universidade, e entre a nosa universidade e outras universidades españolas e europeas.
- Emprego das metodoloxías de ensino-aprendizaxe e avaliación máis indicadas para o sistema baseado en créditos ECTS e, sobre todo, para o ensino centrado na aprendizaxe dos estudantes.
- Establecemento dun sistema de garantía de calidade para a súa implantación e a súa acreditación posterior.
- Establecemento de programas de acción tutelar para informar e orientar os estudantes.
- Posibilidade da realización dos estudos con dedicación a tempo parcial.

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

- Impulso nas relacións co ámbito socio-laboral que promova a realización de prácticas preprofesionais que faciliten a inserción laboral dos egresados.
- Aproveitamento eficiente dos recursos humanos e materiais existentes.
- Planificación realista da implantación do novo plan de estudos.

Os títulos de grao están complementados cos de posgrao (mestrado e doutor), que se teñen que definir por cada rama de coñecemento. Isto culminará nun proceso de redeseño de todo o sistema educativo universitario. Cómpre entón que non se trate a elaboración dos novos plans de estudos de grao coa pretensión inalcanzable de dar un coñecemento profundo e detallado de todas as materias. Moitos dos contidos han de quedar reservados aos títulos de posgrao.

Os plans deberán ter unha estrutura uniforme para facilitar a mobilidade dos estudantes.

A transformación dos títulos actuais non pode basearse na simple reorganización das materias actuais para cumprir a distribución anual de créditos ECTS fixada polo Real decreto 1393/2007. A transición ao EEES supón un cambio de modelo organizativo, coa introdución do grao e do posgrao, que debemos aproveitar para deseñar títulos de calidade que sirvan de referente no ámbito estatal e que nos permitan competir no ámbito internacional.

A procura da calidade no contexto europeo pasa polo establecemento de referentes entre as universidades de prestixio en Europa. A avaliación comparativa cos plans de estudos daquelas universidades, que son líderes na rama académica e científica, debe ser un elemento central na elaboración dos novos plans de estudo. Deberanse localizar e analizar referentes externos á Universidade que, obxectivamente, ocupen posicións de liderado nas distintas especialidades. Os plans de estudos das titulacións relevantes en cada caso deberán terse en conta á hora de establecer a organización e os contidos das nosas titulacións, de forma que a avaliación comparativa servirá de aval da adecuación da proposta a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas.

2. A COORDINACIÓN ENTRE CENTROS E TITULACIÓNS

Como criterio xeral, a Universidade de Vigo mantén a vixencia do actual mapa de titulacións e, polo tanto, a transformación dos actuais títulos de primeiro e segundo ciclo en títulos de grao e posgrao. Isto non quere dicir que se obvie a necesidade de actualizar, especializar ou reforzar a oferta actual, especialmente no que respecta á súa coherencia académica e á promoción das súas vantaxes, pero sempre coa premisa de manter os equilibrios territoriais e o peso desa oferta no conxunto do sistema universitario galego.

Neste sentido, a política para os graos está baseada nos seguintes principios básicos:

- a) A Universidade de Vigo promoverá a programación dos títulos de grao agrupados por rama, por grupos de titulacións, ou por titulacións repetidas en dous ou máis campus.
- b) Esta programación xeral debe definir a arquitectura institucional xeral de cada grupo de títulos; a partir de aí será cando se elaboren as propostas concretas dos diferentes plans de estudo.

O proceso de reforma, polo tanto, debe definirse en dous niveis:

Primeiro nivel: establecemento do mapa de titulacións e adscrición a centros.

Os obxectivos que se han acadar son a definición do marco xeral e a arquitectura básica da oferta por grupo de títulos. Isto significa que deben adoptarse decisións, como mínimo, sobre:

- Mapa de titulacións e adscrición de cada unha delas ao centro ou centros que lles corresponda.
- Criterios de agrupamento e especialización.
- Fórmulas de mobilidade e recoñecemento automático de créditos.
- Fórmulas de transición dos títulos vellos aos novos.

Os criterios de agrupamento por proximidade e homoxeneidade son os recollidos no anexo I que responden á nova agrupación dos títulos por ramas de coñecemento:

- a) Artes e Humanidades
- b) Ciencias
- c) Ciencias da Saúde

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

- d) Ciencias Sociais e Xurídicas
- e) Enxeñaría e Arquitectura

A responsabilidade orgánica deste nivel de coordinación corresponde ás comisións específicas de planificación de graos. Haberá una comisión por rama de coñecemento que segue a clasificación do anexo I. Cada comisión estará integrada por:

- Presidenta: a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea ou unha persoa en quen delegue.
- Os directores-decanos dos centros responsables das titulacións implicadas.

Á vista do informe remitido pola Comisión Específica de Planificación de Graos, o Equipo de Goberno da Universidade fará a proposta de títulos de grao coa adscrición ao centro ou aos centros da Universidade e a composición das xuntas de titulación para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Segundo nivel: Elaboración da proposta do plan de estudos.

Unha vez establecido polo Consello de Goberno o centro ou centros de adscrición de cada titulación de grao, procederase á elaboración e aprobación do plan de estudos pola correspondente xunta de titulación (artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo).

Constituirase unha xunta de titulación para cada novo título e a súa composición será aprobada en cada caso polo Consello de Goberno.

No suposto de varias xuntas de titulación constituídas nun mesmo centro, de estimalo oportuno, poderán delegar na xunta de centro a elaboración e aprobación do plan de estudos.

3. ESTRUTURA XERAL DOS PLANS DE ESTUDOS DE GRAO

As ensinanzas universitarias conducentes á obtención do título oficial de Graduado en T pola Universidade de Vigo, que será T o nome do título, organizaranse en plans de estudos que terán 240 créditos ECTS, e que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante debe adquirir: aspectos básicos da rama de coñecemento, materias

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

obligatorias ou optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de grao ou outras actividades formativas.

No Suplemento Europeo ao Título (SET), de acordo coas normas que o regulen, farase referencia á rama de coñecemento á que pertenza o título, que será única.

As titulacións de grao terán unha duración de catro anos académicos, distribuídos en oito cuatrimestres. A carga máxima por cuatrimestre será de 30 créditos ECTS.

Os plans de estudos deben permitir unha organización para que calquera alumno poida cursar a titulación no tempo previsto. Deberán ter unha estrutura uniforme entre os graos para facilitar aspectos tales como a mobilidade interna e externa e a realización dos estudos en réxime de dedicación parcial. Con tal finalidade dispónse o seguinte:

- a) Todas as materias terán un número mínimo de seis créditos. A partir do mínimo, poderá incrementarse o tamaño en bloques de tres créditos.
- b) Todas as materias terán un carácter cuatrimestral.
- c) As materias poderán ser obrigatorias ou optativas.
- d) Os créditos de formación básica das ramas de coñecemento estarán organizados en materias obrigatorias (“materias”) que conterán no seu nome o nome da materia á que están vinculadas (materias do anexo II do RD 1393/2007). Serán ofertados dentro dos dous primeiros cursos académicos, cunha asignación mínima do 90 % dos créditos nos tres primeiros cuatrimestres. Non poderán ofertarse máis de 60 créditos de formación básica.
- e) Na oferta de materias optativas, e na medida en que os recursos dispoñibles da Universidade así o permitan, débese consentir a maior flexibilidade posible, que respecte a liberdade de escolla do alumno ou alumna. As materias optativas ofertaranse nos dous últimos cursos académicos. A oferta máxima de créditos ECTS de materias optativas será a fixada no documento do Consello Galego de Universidades.
- f) O traballo de fin de grao é obrigatorio. Estará orientado á avaliación das competencias asociadas ao título e será ofertado no cuatrimestre número oito cunha duración que oscilará entre os seis e os 30 créditos ECTS. A partir do mínimo de seis créditos, poderá incrementarse o tamaño en bloques de tres créditos.

- g) Recoméndase o establecemento de prácticas externas. Estas poderán ser consideradas como obrigatorias sempre que se poida garantir a súa realización para todos os estudantes da titulación. Doutro xeito terán que preverse os mecanismos de asignación de prácticas entre o alumnado elixible e as alternativas á súa realización para os estudantes que non poidan optar a estas. O módulo mínimo de créditos ECTS asignado ás prácticas deberá ser de seis créditos. Os módulos serán múltiplos de seis créditos ECTS. A partir do mínimo de seis créditos, poderá incrementarse o tamaño en bloques de tres créditos ata un máximo de 30 créditos. Deberán ofertarse preferentemente no último curso e sempre na segunda metade do plan de estudos.
- h) Os plans de estudos poderán ofrecer ao alumnado a posibilidade de obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, ata un máximo de seis créditos do total do plan de estudos (artigo 12.8 do RD 1393/2007; artigo 46.i da LOU). Esta cantidade subtraerase do total de créditos de materias optativas que cursará o alumnado.

4. O PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DE PROPOSTAS DE PLANS DE ESTUDOS

4.1- A elaboración e aprobación do plan de estudos de grao será responsabilidade da xunta de titulación.

4.2 – Para cada titulación de grao poderá crearse unha **comisión de elaboración da proposta de plan de estudos de grao**. A composición destas será aprobada na xunta de titulación correspondente.

4.3- A xunta de titulación poderá contar co asesoramento de calquera tipo de informes externos e opinións autorizadas (colexios e asociacións profesionais, expertos, plans doutras universidades etc.) que considere de interese.

4.4- O Consello Social será informado periodicamente sobre a marcha dos traballos da comisión de traballo de elaboración da proposta do plan de estudos mediante o procedemento que para tal fin estableza a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea.

5. AS PROPOSTAS DE PLANS DE ESTUDOS

Toda proposta de plans de estudos deberá estar conforme o establecido no Real decreto 1393/2007 e as normas da Xunta de Galicia e o Consello Galego de Universidades. Os plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais serán verificados polo Consello de Universidades; será a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) a que establecerá os procedementos de verificación e acreditación e elaborará o informe de avaliación do plan de estudos, que terá carácter preceptivo e determinante.

Coa solicitude e verificación dos títulos universitarios oficiais incluírase unha memoria que a Universidade completará mediante a aplicación informática correspondente. Dita memoria configurará o proxecto de título oficial que deben presentar as universidades para a súa correspondente verificación. O proxecto constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas. Na fase de acreditación, a Universidade deberá xustificar que o plan de estudos correspondente estase levando a cabo de acordo co seu proxecto inicial ou ben xustificar as causas do desaxuste e as accións realizadas.

6. O PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN

6.1.- Aprobada unha proposta de plan de estudos pola correspondente xunta de titulación, será remitida á Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea (ou a aqueloutra que -no seu caso- lle corresponda á citada competencia).

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

A Vicerreitoría solicitará o informe técnico preciso que comprobe que o plan de estudos respecta a normativa vixente e se axuste ás esixencias legais. No caso de que se atope algún incumprimento da normativa vixente, a Vicerreitoría remitirá as súas obxeccións ao centro ou centros para que, no prazo de 15 días naturais, remita o plan de estudos debidamente axustado ás normas.

Unha vez recibida na vicerreitoría correspondente, someterase a exposición na web da Universidade.

Durante un prazo non inferior a 15 nin superior a 20 días naturais, poderán presentarse as alegacións que se consideren oportunas, debidamente xustificadas e razoadas e que serán enviadas á Vicerreitoría. As alegacións remitiranse por correo electrónico ata as 14.00 h do último día do prazo.

6.2.- Transcorrido o período de alegacións, nun prazo non superior a sete días naturais, a Vicerreitoría remitirallas á xunta de titulación para o seu posterior debate e toma de decisións sobre a súa inclusión ou non na proposta inicial do plan de estudos. En todo caso, a xunta de titulación emitirá un informe razoado onde se incluírá a explicación da inclusión ou non das alegacións no plan de estudos e aprobará o texto definitivo. Toda esta documentación remitirase á Vicerreitoría no prazo máximo de 15 días naturais dende a recepción das alegacións.

6.3.- No caso de titulacións adscritas a máis dun centro, a proposta do plan de estudos será enviada pola Secretaría Xeral a cada un dos centros para o seu debate e emisión dun informe se procede.

6.4.- A proposta de plan de estudos remitirase á Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) para o seu estudo da viabilidade académica e orzamentaria, de acordo cos recursos humanos e materiais existentes. De se faceren algún tipo de recomendacións, remitiranse á xunta de titulación para o seu posterior debate e toma de decisións sobre a súa inclusión ou non na proposta do plan de estudos. En todo caso, a xunta de titulación emitirá un informe razoado onde se incluírá a explicación da inclusión ou non das alegacións no plan de estudos e aprobará o texto definitivo. Esta documentación remitirase á Vicerreitoría no prazo máximo de 15 días naturais dende a recepción das alegacións, quen a remitirá á Secretaría Xeral.

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

6.5.- A proposta do plan de estudos será enviada pola Secretaría Xeral ao Consello Social para o seu debate e emisión dun informe favorable, se procede. No caso dun informe desfavorable, remitiráselle á xunta de titulación que corresponda para o seu posterior debate e modificación da proposta inicial do plan de estudo. A nova proposta deberá remitirse á Vicerreitoría nun prazo máximo de 15 días naturais dende a recepción do informe desfavorable do Consello Social.

A Vicerreitoría, de estimalo conveniente, remitirá a nova proposta do plan de estudos á COAP. A partir deste punto seguiranse os trámites previstos nos apartados 6.4 e 6.5 destas directrices.

6.6.- Superados os trámites anteriores, a proposta do plan de estudos será enviada pola Secretaría Xeral ao Consello de Goberno para o seu debate e aprobación, se procede.

6.7.- Rexeitada na súa totalidade polo Consello de Goberno unha proposta do plan de estudos, será devolta á correspondente xunta de titulación, xunto coas recomendacións suxeridas, para a súa modificación nun prazo máximo de 15 días naturais dende a recepción do rexeitamento.

Elaborada a nova proposta do plan de estudos deberán seguirse os trámites de aprobación previstos nos apartados 6.1 e seguintes destas directrices.

7.– CALENDARIO PARA A REFORMA DOS PLANS DE ESTUDOS

Para os plans de estudos que se pretendan poñer en marcha no curso 2009/2010, o calendario das diferentes fases polas que transcorre a súa elaboración será:

Acción	Responsable	Observacións	Prazos
1. Determinación do mapa de titulacións	Consello de Goberno		Antes do 30 de abril de 2008
2. Elaboración e aprobación da proposta do plan de estudos	Xunta de titulación		Ata o 30 de setembro de 2008
3. Difusión na web	Vic. de TCE	Recollida de alegacións	Outubro de 2008
4. Aprobación na xunta de titulación e informe sobre as alegacións	Xunta de titulación		14 de novembro de 2008
5. Revisión da proposta do plan de estudos	COAP	Informe de viabilidade	28 de novembro de 2008
6. Emisión do informe favorable sobre a proposta do plan de estudos	Consello Social		Desde o 15 ata o 28 de novembro de 2008
7. Aprobación da proposta do plan de estudos	Consello de Goberno		Desde o 10 ata o 20 de decembro de 2008

Os calendarios sucesivos serán aprobados anualmente polo Consello de Goberno por suxestión da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea (ou correspondente).

8.- A VIXENCIA E CONDICIÓN S DE EXTINCIÓN DOS PLANS DE ESTUDOS

8.1.- Os plans de estudos correspondentes a títulos oficiais, dispensados pola Universidade de Vigo, terán unha vixencia temporal mínima equivalente ao número de anos académicos de que consten. Non obstante, poderase modificar a oferta académica de materias optativas durante o período de vixencia temporal do correspondente plan de estudos, no que o Consello de Goberno, por proposta da xunta de titulación, determinará a nova relación de materias. Tal como establece o artigo 28, estas modificacións serán notificadas ao Consello de Universidades, quen as enviará á ANACA para a súa valoración.

8.2.- Os plans de estudos de títulos oficiais correspondentes á anterior ordenación extinguiranse temporalmente curso por curso. O período de extinción comeza no curso en que empece a implantarse o correspondente título de grao.

8.3- Como norma xeral, a implantación dos plans de estudos será progresiva curso a curso, de acordo cos recursos humanos e materiais existentes. Excepcionalmente poderá ser progresiva en bloques de cursos, para o cal a dirección do centro e as vicerreitorías competentes asinarán un contrato-programa en que queden reflectidos os recursos humanos e materiais necesarios.

9.- DISPOSICIÓ NS FINAIS

Transitoria primeira: os plans de estudos elaborados conforme á nova ordenación das ensinanzas universitarias deberán ser elaborados antes do 31 de decembro de 2009, para que entre en vigor no curso académico 2010/2011. No caso de que nesta data non estean transformadas todas as titulacións actuais de primeiro e segundo ciclo, o Consello de Goberno **encargará a unha xunta de titulación nomeada para tal efecto** a elaboración da proposta do plan de estudos; será de aplicación con carácter xeral o procedemento previsto nos apartados 6.1 e seguintes destas directrices, e deberase cumprir necesariamente o trámite de exposición pública, o informe de viabilidade académica da COAP e o informe favorable do Consello Social.

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

Transitoria segunda: a “normativa sobre estrutura e organización académica dos plans de estudo”, aprobada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno desta Universidade, manterá a súa vixencia ata a extinción total dos títulos universitarios oficiais correspondentes á anterior ordenación, que se extinguirán, en todo caso, o día 30 de setembro de 2015.

Derrogatoria: quedan derrogadas todas as disposicións ditadas polos órganos da Universidade de Vigo, de rango inferior ou igual, que se opoñan ao disposto nesta normativa.

Final: esta normativa entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

ANEXO I: catálogo de títulos por rama de coñecemento

a) Artes e Humanidades

Campus	Centro	Título 1.º / 2.º ciclo
Vigo	Facultade de Filoloxía e Tradución	Licenciado en Filoloxía Hispánica
		Licenciado en Filoloxía Inglesa
		Licenciado en Filoloxía Galega
		Licenciado en Tradución e Interpretación
Ourense	Facultade de Historia	Licenciado en Historia
Pontevedra	Facultade de Belas Artes	Licenciado en Belas Artes

b) Ciencias

Campus	Centro	Título 1.º / 2.º ciclo
Vigo	Facultade de Química	Licenciado en Química
	Facultade de Bioloxía	Licenciado en Bioloxía
	Facultade de Ciencias do Mar	Licenciado en Ciencias do mar
Ourense	Facultade de Ciencias	Licenciado en Física
		Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (2.º ciclo)

c) Ciencias da Saúde

Campus	Centro	Título 1.º / 2.º ciclo
Vigo	EU de Enfermaría (Meixoeiro)	Diplomado en Enfermaría
	EU de Enfermaría (Povisa)	Diplomado en Enfermaría
Ourense	EU de Enfermaría	Diplomado en Enfermaría
Pontevedra	EU de Enfermaría	Diplomado en Enfermaría
	EU de Fisioterapia	Diplomado en Fisioterapia

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

d) Ciencias Sociais e Xurídicas

Campus	Centro	Título 1.º / 2.º ciclo
Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Licenciado en Administración e Dirección de Empresas
		Licenciado en Economía
	EU de Estudos Empresariais	Diplomado en Ciencias Empresariais
	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Licenciado en Dereito, rama Económico-Empresarial
		Diplomado en Relacións Laborais
	EU de Profesorado de EXB (adscrito)	Mestre, espec. Educación Infantil
Mestre, espec. Educación Primaria		
Ourense	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Diplomado en Ciencias Empresariais
		Diplomado en Turismo
		Licenciado en Administración e Dirección de Empresas (2.º ciclo)
	Facultade de Dereito	Licenciado en Dereito, rama xeral
	Facultade de Ciencias da Educación	Mestre, espec. Educación Infantil
		Mestre, espec. Educación Primaria
		Mestre, espec. Educación Especial
		Mestre, espec. Lingua Estranxeira
		Licenciado en Psicopedagogía (2.º ciclo)
		Diplomado en Traballo Social
	Diplomado en Educación Social	
Pontevedra	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas
		Diplomado en Xestión e Administración Pública
		Licenciado en Comunicación Audiovisual
	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Mestre, espec. Educación Infantil
		Mestre, espec. Educación Primaria
		Mestre, espec. Educación Física
		Mestre, espec. Educación Musical
		Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Directrices propias da Universidade de Vigo
sobre
estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao

e) Enxeñaría e Arquitectura

Campus	Centro	Título 1.º / 2.º ciclo
Vigo	ETS de Enxeñeiros Industriais	Enxeñeiro Industrial
		Enxeñeiro en Automática e Electrónica Industrial (2.º ciclo)
		Enxeñeiro en Organización Industrial (2.º ciclo)
	EU Enxeñaría Técnica Industrial	Enxeñeiro Técnico Industrial, espec. Electricidade
		Enxeñeiro Técnico Industrial, espec. Electrónica Industrial
		Enxeñeiro Técnico Industrial, espec. Mecánica
		Enxeñeiro Técnico Industrial, espec. Química Industrial
	ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación	Enxeñeiro de Telecomunicación
		Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, espec. Sistemas de Telecomunicación
		Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación, espec. Son e Imaxe
	ETS de Enxeñeiros de Minas	Enxeñeiro de Minas
	Ourense	ES de Enxeñaría Informática
Enxeñeiro en Informática (2.º ciclo)		
	Facultade de Ciencias	Enxeñeiro Técnico Agrícola, especialidade Industrias Agrarias e Alimentarias
Pontevedra	EU de Enxeñaría. Técnica Forestal	Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Industrias Forestais